

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

CURSO ACADÉMICO 2018/19

A seguinte relación de actividades extraescolares e complementarias aúna tanto as experiencias curriculares dos derradeiros cursos académicos, Concurso de Apps, Scratch Room, como a do Clube de Tecnoloxía que comezou o curso pasado e que derivou na nosa primeira participación no Día da Ciencia na Rúa que organiza a Asociación de Amigos da Casa das Ciencias coa colaboración do Concello de A Coruña, unha experiencia a base de obradoiros que se desenvolveron nos recreos en grupos de 20 alumn@s cun carácter voluntario e cunha demanda suficiente para plantexar, agora, unha organización máis estable e programada.

As citadas experiencias e a demanda de outras posibilidades de disfrute dos tempos de lecer da xornada escolar xustifican a creación do Proxecto “Recreos Creativos” que contará cun Aula Virtual específica “[RECRE@TIVOS](#)” e se desenvolverá tanto na Aula de Informática 1 como nos Talleres de Tecnoloxía.

Título Actividade:	Deseño de Apps para Android
Materia e Curso:	Tecnoloxías da Información e Comunicación I (1º Bacharelato)
Características:	Proxecto curricular colaborativo
Obxectivos:	<ul style="list-style-type: none">● Participación no “Concurso Inventa en Galego con AppInventor” de ámbito autonómico organizado por IGACIENCIA en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.● Asistencia ao Acto de Entrega de Premios, previsiblemente no IES Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta) no mes de maio.

Título Actividade:	Sensores
Materia e Curso:	Tecnoloxía Industrial II (2º Bacharelato)
Características:	Proxecto curricular colaborativo
Obxectivos:	<ul style="list-style-type: none">● Participación no concurso de ámbito autonómico “Sensores 2019” organizado por IGACIENCIA en colaboración co Concello de A Coruña.● Asistencia ao Acto de Entrega de Premios, previsiblemente no IES Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta) no mes de maio.

Título Actividade:	Día da Ciencia na Rúa
Materia e Curso:	Alumnado dependente do departamento de Tecnoloxía, ESO e Bacharelato.
Características:	Grupos de Traballo voluntarios nos recreos, “Proxecto RECRE@TIVOS”
Obxectivos:	<ul style="list-style-type: none"> ● Asistencia ao Día da Ciencia na Rúa no Parque Sta. Margarida o primeiro sábado de maio. O alumnado desprázase pola súa conta.

Título Actividade:	Competición de Robots
Materia e Curso:	Alumnado dependente do departamento de Tecnoloxía, ESO e Bacharelato.
Características:	Grupos de Traballo voluntarios nos recreos, “Proxecto RECRE@TIVOS”
Obxectivos:	<ul style="list-style-type: none"> ● Participación na V Competición de Robots organizada pola EEI da Universidade de Vigo. ● Asistencia á competición na primeira semana de maio.

Título Actividade:	D3Mobile
Materia e Curso:	Alumnado dependente do departamento de Tecnoloxía, ESO e Bacharelato.
Características:	Grupos de Traballo voluntarios nos recreos, “Proxecto RECRE@TIVOS”
Obxectivos:	<ul style="list-style-type: none"> ● Participación no concurso de ámbito internacional “D3Mobile Metrology World League” organizado polo Grupo de Investigación USCAN3D da Universidade de Santiago de Compostela. ● Asistencia ao Acto de Entrega de Premios no mes de xaneiro.

Título Actividade:	Concurso SCRATCH
Materia e Curso:	Alumnado da ESO dependente do departamento de Tecnoloxía.
Características:	Grupos de Traballo voluntarios nos recreos, “Proxecto RECRE@TIVOS”
Obxectivos:	<ul style="list-style-type: none"> ● Participación no concurso de ámbito autonómico “Deseño de aplicacións informáticas coa ferramenta Scratch” organizado polo Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG) en colaboración coa AMTEGA.

Título Actividade:	SCRATCH ROOM
Materia e Curso:	Alumnado de Programación de 2º da ESO
Características:	Proxecto curricular colaborativo
Obxectivos:	<ul style="list-style-type: none"> ● Realización de Xornadas Informativas sobre a materia para o alumnado de 1º da ESO a través dun Escape Room dixital deseñado e programado polo alumnado de 2º.

Nota: algunhas actividades poden non realizarse xa que dependen da participación e interese do alumnado.

Programación revisada e aprobada polos docentes:

Ángel Acción
(Xefe Dpto.)

Avelino Amigo

Gumersindo Fernández

Juan Luís Naveira

Culleredo a 13 de setembro de 2018